



**ACTA N.º 9/2014**  
**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 25 DE SETEMBRO**  
**DE 2014**

**ASUNTOS**

**I.- PARTE RESOLUTIVA**

- I.1.- ACTA ANTERIOR
- I.2.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 20/2014 MEDIANTE TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 175.000,00 €
- I.3.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 50.258,98 €
- I.4.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS AO TRAVÉS DAS BÉRAVÍAS E RESERVA DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, E POR CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE I.6.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 21/2014 MEDIANTE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 502.711,95 €
- I.5.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 22/2014 MEDIANTE CRÉDITOS EXTRAORDINARIAS POR IMPORTE DE 10.464,92 €
- I.7.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 23/2014 MEDIANTE TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 74.358,10 €
- I.8.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL
- I.9.- INCORPORACIÓN MUNICIPAL E A PROMOCIÓN DO DOMINIO PUNTOGAL
- I.10.- MOCIÓNS LCN SOBRE A ELABORACIÓN DE DIVERSAS ORDENANZAS NON FISCAIS
- I.11.- MOCIÓN BNG INSTANDO Á RETIRADA DE SIMBOLOXIA FRANQUISTA

**II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GUBERNO**

- II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA
  - II.2.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2013
  - II.3.- DAR CONTA DO INFORME DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN REFERIDO AO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DURANTE O SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2014
  - II.4.- DAR CONTA DA AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGLA DE GASTO E O DO NIVEL DE DÉBIDA VIVA NO SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2014
- 5 - ROGOS E PREGUNTAS**

**ASISTENTES:**

**Grupos:**

**. PP** **Alcalde-Presidente:**  
- D. Alberto Valverde Pérez

**. PP** **Concelleiros/as:**  
- D. Alberto García Pazos  
- D.ª Lilitiana Silva Pequeño  
- D.ª M.ª Carmen Alonso Macías Jorrete  
- D.ª Rosa Rodríguez Rodríguez  
- D.ª M.ª José Pino Fernández  
- D. Antonio Souto Martínez  
- D. José Antonio Vidal Maneses

- PSOE.
  - D. Juan Antonio González Pérez
  - D.ª M.ª Dolores Araujo Duarte
  - D.ª M.ª Dolores Martínez Losada
  - D. Rubén Rial Sánchez
  - D. Manuel Doldán Costas
  - D.ª Ana Pérez Pérez
- MIXTO.
  - D. Xavier Rodríguez Fernández
  - D. Antonio Fernández Comesaña
- Non Adscrito:
  - D. Ignacio Vilas González

--

Interventor: D. Modesto Solís Sanz  
 Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

#### **Outros datos da sesión:**

- *Data:* Xoves, 25 de setembro de 2014
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 10:04
- *Hora de remate:* 15:02
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17

#### ***Incidencias:***

a) *Alteracións no quórum de asistencia:*

*D.ª M.ª Dolores Araujo Duarte abandona a sesión mentres se desenvolvía o punto de rogos e preguntas*

b) *Outras Incidencias.* Ás 11:18 horas, rematado o punto 1.3 da orde do día, o Sr. Presidente acorda interrumpir momentaneamente a sesión para que a representación da ANPA do Colexio Público Humberto Juanes de Vilameán poida expoñer aos corporativos determinadas demandas. A sesión continúa a partir das 11:54 horas.

...

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

## I.- PARTE RESOLUTIVA

### I.1.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data 24 de xullo de 2014

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxeitar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, no se producen intervencións.

**Votación e acordo.** Sometida á votación a acta da sesión do 24 de xullo de 2014 queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

### I.2.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 20/2014 MEDIANTE TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 175.000,00 €

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 17 de setembro de 2014, informa favorablemente o expediente da modificación de crédito num. 20/2014 mediante transferencias de crédito por importe de 175.000,00 €, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o estado de execución do estado de gastos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán correspondente ao exercicio de 2014,

Considerando preciso incrementar o crédito asignado á "Conservación de Infraestructuras e bens naturais de urbanismo" á "Conservación de maquinaria, instalacións e utilaxe de urbanismo" a "Combustibles e carburantes de urbanismo" ao "Tratamento de RSU en Sogama, S.A.", á "Conservación de infraestructuras" á "Conservación de instalacións de infraestructuras" á "Conservación de material de transporte de infraestructuras" ao "Subministro de enerxía eléctrica en centros escolares", ao "Subministro de enerxía eléctrica en alumeadado público", ao "Subministro de enerxía eléctrica en cultura", e ao "Subministro de enerxía eléctrica en deportes" por importe total de 175.000,00 euros no capítulo 2 das áreas de gasto 1, 3 e 4 para poder contar con crédito adecuado, dispoñible e en contía estimada suficiente para a realización de gastos imputables ás finalidades citadas até o día 31.12.14.

Considerando minorable o crédito actualmente dispoñible en catro aplicacións orzamentarias dos capítulos 1, 2 e 3 das áreas de gasto 2 e 9 por un importe total de 175.000,00 euros

De conformidade co establecido nos artigos 179.2 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e nos artigos 40 ao 42 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, así como na base de execución 8ª.3 do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2014.

Esta Alcaldía ponente ao Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.-** Tramitar e aprobar inicialmente o expediente administrativo de modificación de crédito 20/14 mediante transferencias de crédito por importe total de 175.000,00 euros no orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2014.

As orixes, os destinos e os importes das transferencias son os seguintes:

Aplicación orzamentaria	Destino/Orixe	Euros a transferir +/-
1415021000	Conservación de infraestruturas e bens naturais de urbanismo .....	+ 12.000,00
1415021300	Conservación de maquinaria, instalacións e utilaxe de urbanismo .....	+ 4.000,00
1415022103	Combustibles e carburantes de urbanismo .....	+ 4.000,00
141622270002	Tratamento de RSU en "Sogama, S.A." .....	+ 50.000,00
1416522100	Subministro de enerxía eléctrica en alumeadado público .....	+ 50.000,00
1432122100	Subministro de enerxía eléctrica en centros escolares .....	+ 13.000,00
1433022100	Subministro de enerxía eléctrica en cultura .....	+ 1.500,00
1434222100	Subministro de enerxía eléctrica en deportes .....	+ 7.500,00
1445021000	Conservación de infraestruturas .....	+ 25.000,00
1445021300	Conservación de instalacións de infraestruturas .....	+ 4.000,00
1445021400	Conservación de material de transporte de infraestructuras .....	+ 4.000,00
142412289900	Gastos diversos emprego .....	- 15.000,00
1491210000	Retribucións de altos cargos de órganos de goberno .....	- 40.000,00
1491216000	Seguridade Social de órganos de goberno .....	- 21.000,00
1492035200	Xuros de demora por sentencias xudiciais .....	- 90.000,00

**Segundo.-** Someter a información pública durante quince días o expediente administrativo de modificación de crédito 20/14, a efectos de presentación de posibles reclamacións, mediante anuncios a publicar no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Nigrán.

Se no período de información pública non foran presentadas reclamacións, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisoria do expediente administrativo de



modificación de crédito 20/14; en caso contrario o Pleno disporá dun prazo de un mes para resolvelas.

**Tercelro.-** Cumprindo o establecido no artigo 42 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC) establécese en noventa días o prazo máximo para tramitar e aprobar (no seu caso) o expediente administrativo de modificación de crédito 20/14, conlevando a caducidade do expediente a súa non aprobación definitiva dentro do prazo antes citado.

**Cuarto.-** Designar como funcionario responsable e encargado da tramitación do expediente administrativo de modificación de crédito 20/14 ao Interventor Xeral no Concello de Nigrán quen, así mesmo, informará o citado expediente.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Alberto García Pazos, concelleiro Delegado:* Hai que axustar partidas do orzamento prorrogado para cumprir coas obrigas. Na cuestión de SOGAMA pediuse información a FEGAMP sobre posibles inclativas e, respecto á legalidade, o feito de seguir pagando non impide reclamar no futuro, se así se considera

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista:* Parece que estamos ante deficiencias que resultan de haber esgotado partidas e non ter capacidade de negociar un orzamento. Hai aspectos que non se deben amparar, como é o caso de SOGAMA, no que cabería negarse as súas esixencias. Por enriba quitan 15.000 € de emprego. Non apolarán a iniciativa.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.* É unha modificación importante pola contía e os fins. Non entende por que se produce tanto desvío no subministro eléctrico. E no caso de SOGAMA hai un incremento salvaxe no prezo, baseado en previsións falsas. Outros concellos ou se negaron ou recorreron o "taxazo".

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto:* Estase aumentando o gasto corrente ou por mal cálculo ou por mala administración. Chámalle a atención a submisión do goberno municipal á pretensión de SOGAMA. Oponse a este incremento, que acabarán pagando os cidadáns. Tampouco entende que se aumente en 12.000 euros a partida de infraestruturas, cando aínda ten remanente, ao mellor pra sufragar obras con motivo de port-América. Non votará a favor, vendo tamén as advertencias do informe do Interventor, referentes á estabilidade e á regra de gasto.

*Sr. García Pazos:* O Concello non debe incorrer en mora no caso de SOGAMA, polos prexuízos que suporía. Isto non impide reclamar. En ningún caso o Interventor recomendou non pagar. A partida de emprego ora para becas e non se aprobou no orzamento. Hai facturacións novas de electricidade pola entrada en funcionamento do parque empresarial. Só se afectan no capítulo I gastos de órganos de Goberno. A estabilidade hai que valorala ao final do ano. Hai que evitar reclamacións por intereses de demora. Se non se consegue a maioría, retiraría a partida de SOGAMA para garantir o funcionamento do Concello.

*Sr. González Pérez:* A oposición advertiu do gasto excesivo durante o ano. Discrepan de que se minore a partida de emprego. Se non se reduce e se retira a de SOGAMA, votarán a favor.

*Sr. Rodríguez Fernández:* O BNG non apoiaríala o de SOGAMA. Se o quitan, absterase

*Sr. Fernández Comesaña:* O Goberno debe assimilar que está en minoría. Discrepa no de SOGAMA e no de emprego, pide que se deixe sobre a mesa e se dialogue a solución

*Sr. García Pazos:* Acepta o ofrecemento e quitaría o de SOGAMA e respectaría o de emprego. Dálle lectura á proposta corrixida

*Sr. Rodríguez Fernández:* Fai determinadas aclaracións, que son aceptadas.

*Sr. García Pazos:* Resume a proposta

*Sr. Fernández Comesaña:* É unha chapuza e pide que quede sobre a mesa.

*Sr. García Pazos:* Pódese falar e chegar a acordos.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O orzamento prorrogado necesita axustes. Hai partidas que precisan consignación. No tema de emprego, aínda que non temos a competencia pretendeuse un programa de becas no orzamento de 2014, que non saiu adiante. Ao Sr. Fernández Comesaña dille que o de port-América liquidarase á empresa. Este goberno non pensa subir o recibo do lixo. Dálle a palabra o Interventor municipal.

*Sr. Interventor:* A dedución do importe fai que manteña o informado e lembra a insuficiencia de crédito para SOGAMA sen prexuízo de recorrer. No tema eléctrico aínda podería haber insuficiencias ata 31 de decembro. Ao excluir a consignación de determinadas partidas haberá repercusións no período medio de pago. Tamén se está producindo certo desequilibrio orzamentario.

*Sr. Fernández Comesaña:* Reitera que quede sobre a mesa. O tema de port-América non lle queda claro.

**Votación e acordo sobre a petición do Sr. Fernández Comesaña de que o asunto quede sobre a Mesa.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 1; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 8; PP.
- Abstencións: 8; PSOE, Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto e Sr. Vilas González, Concelleiro non adscrito.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a petición de que o asunto quede sobre a Mesa

**Votación e acordo sobre o asunto.-** Sometida á votación pola Presidencia a proposta corrixida durante a deliberación e previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15 PP, PSOE e o Sr. Vilas González, Concelleiro non adscrito.

- Votos en contra: 1; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Abstencións: 1; Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello **ACORDA:**

**Primeiro.-** Tramitar e aprobar inicialmente o expediente administrativo de modificación de crédito 20/14 mediante transferencias de crédito por importe total de 125.000,00 euros no orzamento xeral promogado do Concello de Nigrán para o ano 2014.

As orixes, os destinos e os importes das transferencias son os seguintes:

Aplicación orzamentaria	Destino/Orixe	Euros a transferir +/-
1415021000	Conservación de infraestruturas e bens naturais de urbanismo .....	+ 12.000,00
1415021300	Conservación de maquinaria, instalacións e utilaxe de urbanismo .....	+ 4.000,00
1415022103	Combustibles e carburantes de urbanismo .....	+ 4.000,00
1416522100	Subministro de enerxía eléctrica en alumeadado público .....	+ 50.000,00
1432122100	Subministro de enerxía eléctrica en centros escolares .....	+ 13.000,00
1433022100	Subministro de enerxía eléctrica en cultura .....	+ 1.500,00
1434222100	Subministro de enerxía eléctrica en deportes .....	+ 7.500,00
1445021000	Conservación de infraestruturas .....	+ 25.000,00
1445021300	Conservación de instalacións de infraestruturas .....	+ 4.000,00
1445021400	Conservación de material de transporte de infraestruturas .....	+ 4.000,00
1491210000	Retribucións de altos cargos de órganos de goberno .....	- 49.000,00
1491216000	Seguridade Social de órganos de goberno .....	- 21.000,00
1492035200	Xuros de demora por sentencias xudiciais .....	- 55.000,00

**Segundo.-** Someter a información pública durante quince días o expediente administrativo de modificación de crédito 20/14, a efectos de presentación de posibles reclamacións, mediante

anuncios a publicar no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Nigrán.

Se no período de información pública non foran presentadas reclamacións, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional do expediente administrativo de modificación de crédito 20/14; en caso contrario o Pleno disporá dun prazo de un mes para resolvelas.

**Terceiro.-** Cumprindo o establecido no artigo 42 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC) establécese en noventa días o prazo máximo para tramitar e aprobar (no seu caso) o expediente administrativo de modificación de crédito 20/14, conlevando a caducidade do expediente a súa non aprobación definitiva dentro do prazo antes citado.

**Cuarto.-** Designar como funcionario responsable e encargado da tramitación do expediente administrativo de modificación de crédito 20/14 ao Interventor Xeral no Concello de Nigrán quen, así mesmo, informará o citado expediente.

### **1.3.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 50.258,98€**

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 17 de setembro de 2014, dictamina favorablemente a seguinte proposta:

Vistas as 28 facturas e varios gastos de desprazamentos e dietas de persoal por importe total de 50.258,98 euros, non contabilizados nin pagados e correspondentes a obrigas liquidas, vencidas e presuntamente esixibles para o Concello de Nigrán ao contar con sinaturas de conformidade de diversos concelleiros, funcionarios e/ou persoal laboral do Concello de Nigrán e/ou ao corresponder a improcedentes contratacións verbais de servizos ou subministrados documentalmente acreditados (así como a dietas de persoal) e ao non estar prescritas.

Visto o estado de execución do orzamento xeral promogado do Concello de Nigrán para o ano 2014,

Tendo en conta a necesidade de continuar co saneamento económico do Concello de Nigrán e co recoñecemento extraxudicial de diversos gastos coa finalidade, entre outras, de non dar lugar, no seu caso, a posibles enriquecementos inxustos para o citado Concello así como, no seu caso, a posibles quebrantos económicos a varios terceiros que teñen pendente de contabilización e de pago diversas facturas correspondentes a obrigas non prescritas.

Coa finalidade de non afectar mais negativamente aos prazos medios de pagos de obrigas, así como á estabilidade orzamentaria,

Esta Alcaldía, propónlle ao Concello Pleno:

Declarar esixibles as obrigas indicadas nas 28 facturas (e gastos de desprazamentos e dietas de persoal) incluídas na relación adxunta por importe total de 50.258,98 euros; aprobar as mesmas, e recoñecer extraxudicialmente os correspondentes gastos con cargo aos



créditos orzamentarios dispoñibles nas aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2014 que resulten do preceptivo expediente de transferencias de crédito por importe de 41.382,39 euros a aprobar, de inmediato, pola Alcaldía unha vez aprobado polo Concello Pleno o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 50.258,98 euros (e para o que xa están retidos os correspondentes importes en diversas aplicacións do estado de gastos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán correspondente ao ano 2014 por un total de 41.382,39 euros; así como outros 8.876,59 euros en créditos retidos en varias aplicacións do estado de gastos citados que contan con crédito dispoñible para a imputación do citado importe en concepto de recoñecemento extraxudicial de créditos)

**Deliberación.-** Síntese das intervencións.

*D. Alberto García Pazos, concelleiro Delegado:* Explica os antecedentes. En relación cunha factura cuestionada na Comisión (factura/minuta de honorarios 66/14 -pax. 30 do expediente- presentada por Martínez Barros Galicia), retirase e redúcese o total do expediente a 49.423 euros. Hai outras facturas de gastos xurídicos que se están debatendo no Xulgado. O resto ten conformidade. Hai un informe que indica os déficits no trámite que dan lugar a isto. Hai que tratar de eliminar estas situacións.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* Votarán a favor de todo o que sexa bo para Nigrán. Este é o caso, son gastos aos que hai que facerlle fronte.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto:* Hai reparos suspensivos do interventor. Retírase a factura que el cuestionou na Comisión. Non debe asumir o Concello a acusación emprendida por un funcionario da Policía, ademais sen respaldo da correspondente autorización. Por outra parte, os gastos de avogados están sendo descritos. Non parece que se estea actuando correctamente. Os reparos do interventor son múltiples. Non avalará esta proposta.

*Sr. García Pazos:* O Sr. Fernández Comesaña debe recordar outras modificacións de crédito aprobadas aquí. Esta non é comparable.

*Sr. Alcalde Presidente:* O Sr. Fernández Comesaña debería valorar a evolución económica do Concello desde que el tiña responsabilidades no goberno.

*Sr. Fernández Comesaña:* Aléñanse aos informes, e non pidan a complicidade dos demais.

*Sr. Alcalde- Presidente:* Hai facturas aquí do ano 2008, 2010, pero hai que pagalas. Se non se pagan hai que asumir as consecuencias.

**Votación e acordo.-** Sometida á votación pola Presidencia a proposta corrixida durante a deliberación xunto co levantamento dos reparos da Intervención e previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15; PP, PSOE e o Sr. Vilas González, Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: 1; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.

- Abstencións: 1; Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada o Pleno acorda aprobar a proposta excepto no que se refire á factura/minuta de honorarios 86/14 (pax. 30 do expediente) presentada por Martínez Barros Galicia, que ascende a 2 296,67 euros, que queda excluída deste recoñecemento extraxudicial.

#### **1.4.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS AO TRAVÉS DAS BEIRAVÍAS E RESERVA DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, E POR CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE**

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 17 de setembro de 2014, informou favorablemente o expediente da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos ao través das beiravías e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, e por carga e descarga de mercadorías de calquera clase estimándose a proposta formulada por D. José Cuevas Raposo por escrito no período de exposición pública (rex. entrada num. 8276, de data 17/06/2014), e que figura no citado expediente.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Alberto García Pazos, concelleiro Delegado:* Hai que resolver unha alegación presentada. Na Comisión se votou a favor UCN. Hai que ser moi cuidadosos coa redacción definitiva. O art.5º pódese cambiar na súa integridade, pero o que se refire á normativa urbanística aplicable é mellor deixalo como estaba. O art. 8º poderíase substituír, tal e como está na alegación. A taxa de Nigrán pasaría a ser a de menor importe da contorna.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista:* A alegación busca unha maior xustiza na taxa. Votarán a favor.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo Mixto:* Nunha primeira Comisión falouse de introducir melloras na Ordenanza. El defendeu a eliminación dos tramos previstos e basearse no número de prazas. A alegación non arranxaba loco. Agora observa que na última Comisión tampouco se arranxou nada. Mantén a súa abstención.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto:* A proposta non está clara. Agora hai que tomar unha decisión. Sendo a ordenanza manifestamente mellorable, pensa que a alegación é correcta. Parécelle ben o aspecto da normativa urbanística, porque hai edificios construídos cando non eran esixibles as prazas. Falta o informe do Interventor.

*Sr. García Pazos:* A proposta que fai busca que o seu resultado sexa aplicable.

*Sr. Rodríguez Fernández do grupo Mixto:* Pensa que o tema chega moi confuso e pregunta se a proposta é aceptar parcialmente a alegación neses puntos determinados.

*Sr. Fernández Comesaña:* Coincide en que a confusión é absoluta. Falta os informes sobre

o que agora se propón. A Comisión acordou aceptar a alegación. Nada acredita que sexa ilegal. A placa de "vado" xa xerou problemas por non darlla a quen se lle reclama a taxa. Pregunta se se resolveron as reclamacións ao padrón e propón que se deixe sobre a mesa.

*Sr. García Pazos:* En relación co apartado no que se di que se terá en conta a normativa urbanística aplicable "na data de construción do inmoble", pensa que debe suprimirse este último inciso e pide o criterio do Secretario.

*Sr. Secretario:* Trátase de buscar a redacción que mellor garante a seguridade xurídica e nese sentido pensa que o texto orixinal dese apartado é mais axeitado.

*Sr. Alcalde:* O que se propón finalmente como alternativa ao dilaminado pola Comisión é aceptar a alegación so no relativo á modificación dos arts. 5º e 8º, manténdose no demais o texto orixinal.

#### **A) Votación e acordo sobre a proposta ditaminada pola Comisión informativa.**

Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 1; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 9; PP e Sr. Vilas González, Concelleiro non adscrito.
- Abstencións: 7; PSOE e Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda non aprobar a proposta da Comisión Informativa nos termos en que está redactada.

#### **B) Votación e acordo sobre a proposta ditaminada pola Comisión informativa corrixida durante a deliberación.**

Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PP, PSOE, Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto e Sr. Vilas González, Concelleiro non adscrito
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 1; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar definitivamente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos ao traves das beirarrúas e reservas da vía pública para estacionamento exclusivo, parada de vehículos, e por carga e descarga de mercadorías de calquera clase, estimándose a proposta formulada por D. José Cuevas Raposo no período de exposición pública (rex. entrada num. 8276, de data 17/06/2014) unicamente na parte que se refire á redacción dos artigos 5 e 8, que quedan redactados como segue:

##### **ARTIGO 5.- CUOTA TRIBUTARIA**

**a) Entradas a través de beirarrúas ou tramos discontinuos entre beirarrúas destinados ao paso de peóns:**

- 1 - Entrada a garaxes de comunidades e privados, para uso exclusivo de vivendas, metro

lineal/ano:

- 1 a) Até 3 vehículos... 6€
- 1.b) Entre 4 e 10 vehículos... 20€
- 1.c) Entre 11 e 20 vehículos... 36€
- 1.d) Máis de 20 vehículos... 52 €
- 2.- Entrada a establecementos industriais, comerciais, talleres de reparación, limpeza ou lavado de vehículos que non se dediquen a garaxes públicas, metro lineal/ano... 26 €
3. Entrada a estacións de servizo ou revisión de vehículos, metro lineal/ano... 36 €
- 4.-Entrada para máis de 20 prazas a superficies comerciais, edificios administrativos, naves industriais, exposición, venta ou aluguer de vehículos, hotéis, residencias, restaurantes, por praza/ano... 5 €

**b) Entradas sen balramías para as que se solicite reserva exclusiva de espazo para entrada de vehículos:**

1.- Entrada a garaxes de comunidades e privadas, para uso exclusivo de vivendas, metro lineal/ano:

- 1.a) Até 3 vehículos... 3€
- 1.b) Entre 4 e 10 vehículos... 10 €
- 1.c) Entre 11 e 20 vehículos... 18 €
- 1.d) Máis de 20 vehículos... 26€
- 2.- Entrada a establecementos industriais, comerciais, talleres de reparación, limpeza ou lavado de vehículos que non se dediquen a garaxes públicas, metro lineal/ano... 13 €
3. Entrada a estacións de servizo ou revisión de vehículos, metro lineal/ano... 18 €
- 4.-Entrada para máis de 20 prazas a superficies comerciais, edificios administrativos, naves industriais, exposición, venta ou aluguer de vehículos, hotéis, residencias, restaurantes, por praza/ano... 3€

**c) Aparcamentos de máis de 20 prazas abertos ao público, por praza/ano... 5 €**

**d) Por reserva de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, e carga e descarga de mercadorías, por m2/ano... 30 €**

**e) Por cada placa de vado permanente, excluídas as do apartado a) que serán gratúitas na primeira entrega... 25 €**

#### **ARTIGO 8.- NORMAS DE XESTIÓN:**

As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal indicado nesta ordenanza fiscal deberán presentar no rexistro xeral do Concello solicitude, indicando según o caso, os metros lineais de entrada ou a superficie de aproveitamento, acompañada de plano de situación no termo municipal e fotografía da entrada ou do lugar do aproveitamento. Os servizos técnicos municipais informarán e tramitarán cada solicitude, e unha vez concedida, se proceda, a correspondente licenza ou autorización, efectuada a liquidación tributaria e realizado o ingreso da taxa nos casos contemplados no artigo 5 apartado e) desta ordenanza, entregarase ao suxeito pasivo a placa de "Vado permanente" co número de licenza correspondente.

No caso de que un suxeito pasivo contribuinte da taxa non dispoña de placa de "vado permanente", e a solicite, concederáselle esta sen necesidade de que os servizos técnicos municipais informen a solicitude. O pintado da entrada de cor amarelo no pavimento será a conta dos solicitantes. No caso de que fora necesario outro pintado especial ou sinalización vertical na calzada para garantir o xiro para poder entrar ou sinalización vertical na calzada para garantir o xiro para poder entrar ou nos casos contemplados no artigo 5 apartado d) desta ordenanza serán realizados polo concello e poderán cargarse os importes polos gastos ocasionados aos

solicitantes.

---

### **1.5.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 21/2014 MEDIANTE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 502.711,95 €**

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 17 de setembro de 2014 e previa declaración de urxencia, informou favorablemente a seguinte proposta:

Visto o establecido no apartado 2 da disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira con respecto ao destino do superavit orzamentario no ano 2014.

Tendo en conta que según o indicado na liquidación do orzamento xeral deste Concello correspondente ao ano 2013 o remanente de tesourería para gastos xerais é positivo en 1.993.500,24 e a capacidade de financiamento, en termos de contabilidade nacional é de 765.462,17 euros.

Tendo en conta que o Concello de Nigrán nun Pleno ordinario celebrado o día 13 de febreiro de 2014 recoñeceu extraxudicialmente todas as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento contabilizadas a día 31 de decembro de 2013 na conta 413 'Acreedores por operacións pendentes de aplicar a orzamento'.

Esta Alcaldía, propónlle ao Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.-** Destinar, de conformidade co establecido no apartado 2 da disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, 502.711,95 euros do remanente de tesourería para gastos xerais indicado na liquidación do orzamento xeral do ano 2013, contía que é inferior á capacidade de financiamento en termos de contabilidade nacional (765.462,17 euros), para as finalidades e importes que se indican:

<b>Destino</b>	<b>Aplicación orzamentaria</b>	<b>Euros</b>
Amortización anticipada total do préstamo nº 540188977 asinado con Abanca o día 20.11.2006	1401191305	349.275,03
Amortización anticipada total do préstamo nº 540189893 asinado con Abanca o día 20.02.2007	1401191306	153.436,92

**Segundo.-** Tramitar e aprobar inicialmente o expediente administrativo de modificación de crédito 21/14 mediante suplementos de crédito por importe de 502.711,95 euros no orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2014, para as finalidades e contías indicadas no apartado anterior; expediente financiado integramente mediante a utilización parcial do remanente de tesourería para gastos xerais indicado na liquidación do orzamento xeral do Concello de Nigrán do ano 2013

**Terceiro.-** Someter a información pública durante quince días o expediente administrativo de modificación de crédito 21/14, a efectos de presentación de posibles reclamacións, mediante anuncios a publicar no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Nigrán.

Se no período de información pública non foran presentadas reclamacións, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional do expediente administrativo de modificación de crédito 21/14; en caso contrario o Pleno disporá dun prazo de un mes para resolvelas.

**Cuarto.-** Cumprindo o establecido no artigo 42 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC) establécese en noventa días o prazo máximo para tramitar e aprobar (no seu caso) o expediente administrativo de modificación de crédito 21/14, conlevando a caducidade do expediente a súa non aprobación definitiva dentro do prazo antes citado.

**Quinto.-** Designar como funcionario responsable e encargado da tramitación do expediente administrativo de modificación de crédito 21/14 ao Interventor Xeral no Concello de Nigrán quen, así mesmo, informará o citado expediente.

#### **Deliberación.-** Síntese das intervencións

*D. Alberto García Pazos, concelleiro Delegado:* Fai referencia aos parámetros a ter en conta para usar o remanente de tesouraría. Nas actuais circunstancias o mellor é amortizar a débeda. O nivel de endebedamento baixará a cotas que nos colocan entre os Concellos mellor situados na Provincia.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* A Cuestión ten os seus pros e contras pero mantén a súa postura expresada na Comisión.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Son préstamos do ano 2006 os que se benefician desta decisión. A situación da débeda é moi satisfactoria.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PP, PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

#### **1.6.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 22/2014 MEDIANTE CRÉDITOS EXTRAORDINARIAS POR IMPORTE DE 10.464,92 €**

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 17 de setembro de 2014 e previa

declaración de urxencia, informou favorablemente a seguinte proposta:

Modificar parcialmente o acordo adoptado polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 28.04.14 referido á "Asignación de fondos afectados por expropiacións para o financiamento de investimentos", cambiando o destino de 10.464,92 euros dos 50.000,00 euros asignados no Pleno citado á "Obra vestiarios das instalacións deportivas de Condomínguez" por non ser necesario o crédito citado no ano 2014 ao ser adxudicadas as obras citadas por importe de 39.534,35 euros, e asignando 10.464,92 euros ás obras de "Acondicionamento e mellora da pista deportiva da rúa das Agullas, A Carrasca, Nigrán".

Tramitar o expediente administrativo de modificación de crédito 22/2014 mediante créditos extraordinarios por importe de 10.464,92 euros no orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2014. O importe citado destinarase á finalidade seguinte:

Aplicación orzamentaria	Destino	Euros
1434262302	Acondicionamento e mellora da pista deportiva da rúa das Agullas, A Carrasca, Nigrán	10464,92

A modificación de crédito 22/2014 finánciase mediante unha baixa de crédito non comprometido, por importe total de 10.464,92 euros na seguinte aplicación orzamentaria do estado de gastos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2014:

Aplicación orzamentaria	Destino	Euros
1434262200	Obra de vestiarios e instalacións deportivas de Condomínguez	-10464,92

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Alberto García Pazos, concelleiro Delegado:* Explica o destino previsto. Propón un cambio. Xa se iniciou unha reparación urxente por operarios municipais que pode supoñer un aforro que é posible destinar á mellora do parque infantil que hai alí.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto:* A o mellor hai outras necesidades. Se hai aforro debería facerse outra modificación.

*Sr. García Pazos:* É un compromiso o que se adquire para ese novo destino.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PP, PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acordou aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

### **1.7.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 23/2014 MEDIANTE TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 74.858,10 €**

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 17 de setembro de 2014 e previa declaración de urxencia, informou favorablemente a seguinte proposta:

Modificar parcialmente o acordo adoptado polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 28.04.14 referido á "Asignación de fondos afectados por expropiacións para o financiamento de investimentos", cambiando o destino de 74.858,10 euros dos 74.906,49 euros asignados no Pleno citado ao "Acceso ao punto limpo: terreos" por non ser necesario o crédito citado no ano 2014 no que non va: ser posible tramitar o expediente de adquisición dos terreos indicados; destinando 74.858,10 euros ás obras de "Saneamento en Piñeiro – Dehesa -Nigrán (Pontevedra)" na aplicación orzamentaria 1416160903, "Obras de saneamento (aportación convenio Xunta)" do estado de gastos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2014.

Tramitar o expediente administrativo de modificación de crédito 23/2014 mediante transferencias de crédito por importe de 74.858,10 euros no orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2014. O importe citado destinarase á finalidade seguinte:

Aplicación orzamentaria	Destino	Euros
1416160903	Obras de saneamento (aportación convenio Xunta)	74858.1

A modificación de crédito 23/2014 finánciase mediante unha baixa de crédito non comprometido, por importe total de 74.858,10 euros na seguinte aplicación orzamentaria do estado de gastos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2014:

Aplicación orzamentaria	Destino	Euros
1445062100	Acceso ao punto limpo: terreos	-74858.1

**Deliberación.- Síntese das intervencións:**



*D. Alberto García Pazos, concelleiro Delegado:* Retírese ao convenio que se subscribiu coa Xunta, e á necesidade de dispoñer de fondos par facer fronte aos compromisos adquiridos. Detrásense dunha partida que non se vai a utilizar este ano. O ano que ven vólvese a dispoñer dos fondos par ao acceso o punto limpo.

*Sr. Alcalde-Presidente:* As negociacións para os terreos de acceso estarán pechadas no que queda do ano.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista:* O punto limpo ebruse, parece que o camiño non era tan ilegal como dicía o Sr. Alcalde.

*Sr. Alcalde-Presidente:* A ilegalidade existe pero resolvela leva tempo, e estamos seguindo este proceso

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo Mixto:* Obxectou a addenda ao convenio. No debate orzamentario díxose que se garantirían este tipo de actuacións. Por esa razón non se vai opor.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto:* A oposición apoiouna por unanimidade na Comisión, e pesar de que se improvisou sobre a marcha. Non van a poñer inconveniente pero ten unha dúbida referida ás características técnicas da obra, concretamente sobre a profundidade da tubaría. Débese comprobar que se cumpra o proxectado.

*Sr. Alcalde Presidente:* Trátase dunha obra que executará o Concello, que será quen controle que realice o proxectado.

**Votación e acordo.** - Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PP, PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

## **1.8.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL**

*A) Moción do Sr. Fernández Comesaña:*

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 18 de setembro de 2014, previa retirada das modificacións acordadas pola Comisión o 17-07-2014, dictamina desfavorablemente a seguinte moción do Concelleiro do grupo mixto, Antonio Fernández Comesaña:

Entre as competencias que a lexislación atribúe ao Pleno das Corporacións Locais está a de establecer o réxime de celebración das sesións ordinarias do Pleno de Corporación

Coa finalidade de facilitar a asistencia dos veciños aos plenos e un maior coñecemento de vida institucional municipal, o grupo municipal UNIÓN CENTRISTA DE NIGRÁN-CENTRO DEMOCRÁTICO LIBERAL (UCNCDL), propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte

**ACORDO:**

**ÚNICO.-** O Pleno do Concello de Nigrán establece o seguinte réxime de celebración das sesións ordinarias:

- Periodicidade: Mensual, excepto o mes de agosto, no que non se celebrará sesión ordinaria
- Días de celebración: O último xoves de cada mes. No mes de decembro celebrarase o xoves da semana anterior a de Nadal.
- Hora: Ás 20 horas.

Con carácter xeral, cando o día inicialmente previsto coincida en festivo, adiantarase ao día hábil inmediatamente anterior. Excepcionalmente, mediante resolución motivada e previa consulta cos portavoces dos distintos grupos municipais, a presidencia poderá convocar a correspondente sesión ordinaria para data distinta da agora establecida, sen que en ningún caso poida anticiparse ou demorarse a súa celebración en máis de sete días naturais respecto da data prevista.

*B) Proposta adicional do Concelleiro Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto:*

Instar ao goberno municipal a posibilitar, ao traveso da páxina Web do Concello, o libre acceso por parte dos cidadáns ao contido completo dos Plenos, empezando, de xeito inmediato, por subir o audio dos mesmos á páxina institucional.

**Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*D. Antonio Fernández Comesaña; do grupo Mixto:* A proposta é pasar os plenos ás 8 da tarde para favorecer a participación cidadá, recollendo unha iniciativa dun grupo non representado na Corporación. Volveríase así ao antigo sistema xa aplicado aquí, sen prexulzo das compensacións que lle correspondan aos funcionarios afectados. Hai que darlle facilidades á xente. Agora hai un ditame desfavorable na comisión á diferenza do que pasara no mes de xullo.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista:* O PSOE xa votara a favor de que foran ás 8 da tarde ao inicio da lexislatura, manteñen a súa postura.

*D. Xavier Rodríguez Fernández; do grupo Mixto:* Buscar un maior coñecemento dos veciños sobre os debates plenarios ten máis relevancia que a asistencia veciñal. Reitera a súa postura sobre a irracionalidade dos horarios que ás veces se adoptan. Propón (le a proposta) o libre acceso cidadá ao contido completo dos plenos, empezando por subir o audio á páxina web do Concello. Hai fórmulas que facilitan o acceso mellor que o cambio do horario. A pesar diso, apoiarao.

*Sr. Alcalde- Presidente:* Están a favor de colgar na páxina web o audio. O horario está por ver cal é o mellor. Neste aspecto ten dúbidas. A experiencia é que a afluencia polas tardes é mínima. Haberá custes adicionais para compensar aos funcionarios. Hai poucos elementos a favor, e sobre todo ao final da lexislatura.

**Votacións e acordo.**– Sometidas á votacións ordinarias separadas a Moción do Sr. Fernández Comasaña e a proposta adicional do Concelleiro Sr. Rodríguez Fernández obtéñense os seguintes resultados.

**A) Moción.**

- Votos a favor: 9; PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: 8; PP.
- Abstencións. Ningunha.

**B) Proposta adicional:**

- Votos a favor: 17; PP, PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha

Coas maiorías sinaladas, o Pleno do Concello acorda:

**Primeiro.** Establecer o seguinte réxime de celebración das sesións ordinarias:

- Períodicidade: Mensual, excepto o mes de agosto, no que non se celebrará sesión ordinaria.
- Días de celebración: O último xoves de cada mes. No mes de decembro celebrarase o xoves da semana anterior a de Nadal.
- Hora: Ás 20:00 horas.

Con carácter xeral, cando o día inicialmente previsto coincida en festivo, adiantarase ao día hábil inmediatamente anterior. Excepcionalmente, mediante resolución motivada e previa consulta cos portavoces dos distintos grupos municipais, a presidencia poderá convocar a correspondente sesión ordinaria para data distinta da agora establecida, sen que en ningún caso poida anticiparse ou demorarse a súa celebración en máis de sete días naturais respecto da data prevista.

**Segundo.** Instar ao goberno municipal a posibilitar, ao traveso de páxina Web do Concello, o libre acceso por parte dos cidadáns ao contido completo dos Plenos, empezando, de xeito inmediato, por subir o audio dos mesmos á páxina institucional.

## **1.9.- INCORPORACIÓN MUNICIPAL E A PROMOCIÓN DO DOMINIO PUNTOGAL**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 18 de setembro de 2014, formulá ao Pleno a seguinte Proposta.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O recoñecemento público e o éxito de acollida do PuntoGal demostra que a sociedade galega apoia a normalización do idioma nos máis diversos ámbitos. Máis de 120 colectivos, as principais institucións culturais do país, as tres universidades, colexios profesionais, empresas de novas tecnoloxías, medios de comunicación, asociacións culturais de base, formacións políticas e milleiros de internautas a título individual amosáronse a prol deste identificador para

a lingua e cultura galegas na longa carreira para que a ICANN concedese este dominio propio para Galiza.

Deste xeito, a comunidade galega no mundo, a nosa lingua e a nosa cultura xa gozan dunha marca propia con que identificar os contidos que xeramos na Rede e, así, facérmolos máis visíbeis dentro deste espazo de comunicación global. O .gal é o dominio que nos corresponde como comunidade con fortes vínculos lingüísticos, culturais, históricos e sociais. Unha especie de sufixo con que identificamos na internet as páxinas escritas en galego e que se dirixen á sociedade galega nas súas comunicacións en liña e que, tendo en conta a dispersión do pobo galego no mundo, non se circunscribe a un ámbito territorial concreto. Tecnicamente viábel e económica, social, lingüística e culturalmente rendíbel, o .gal encádrase nos dominios patrocinados de primeiro nivel.

Este dominio é xestionado pola Asociación PuntoGal e os ingresos económicos que se producen pola súa actividade serven para o mantemento do propio dominio e, no caso de se produciren beneficios, estes son investidos no fomento da lingua e cultura galega dentro do ámbito das novas tecnoloxías.

O dominio .gal fai que se poidan localizar os contidos destinados ao público galego ou referentes á sociedade galega de xeito máis rápido, poderanse organizar os contidos en galego na rede de xeito máis eficiente e as institucións poden presentarse perante o público galego dun xeito máis próximo. O dominio galego axudará a consolidar unha comunidade galega na internet, o .gal permitirá facer visíbeis os produtos, a cultura e a comunidade galega no mundo e contribuirá ao uso e fomento das novas tecnoloxías por e para a sociedades galega.

Segundo os prazos que se dispuxeron para rexistrar os dominios .gal, o Programa Pioneiros púxose en marcha para un grupo reducido de páxinas web baixo unhas condicións especiais. Durante o pasado mes de xuño recibíronse solicitudes na Asociación PuntoGal e 93 del entraron en funcionamento o pasado 25 de xullo.

A seguir, na fase de lanzamento, ábrese o período coñecido como Abrente ou Sunrise que permitirá que aquelas entidades tanto públicas como privadas poidan exercer o seu dereito preferente de solicitaren un dominio. Esta fase desenvolverá entre os meses de setembro e novembro. Simultaneamente ao Abrente desenvolverase o proceso de Carreira ou Landrush, en que aquelas persoas interesadas en dominios sen prioridade de especial interese poderán ter a súa oportunidade de solicitado. Finalmente daráselle paso á Fase Aberta, en que se abrirá o rexistro libre de dominios para o público xeral e que comedirá a funcionar arredor de decembro.

Asemade hai que facer especial fincapé no feito de que máis alá dun beneficio económico (porque o dominio e as web .gal tributarán en Galiza), este paso suporá unha maior protección no eido dixital e servirá para que o noso país se vexa no mundo.

Por iso pedimos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

- 1.- Instar o Goberno municipal para que rexistre e active .gal no enderezo da web institucional nos prazos establecidos poza asociación que xestiona o dominio.
- 2.- Instar o Executivo municipal para que estableza un plan local de promoción entre as

diferentes entidades e asociacións locais co obxecto de que cometen a mudar as súas páxinas web cara ao .gal, incluíndo o preceptivo asesoramento para a migración de todos estes enderezos cara a este novo dominio.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo Mixto:* Institucións, empresas e particulares sumáronse á campaña e conseguiuuse o obxectivo. Agora tócalle ao Concello.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto:* Apoia a moción.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PP, PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta da Comisión Informativa.

### **I.10.- MOCIÓN UCN SOBRE A ELABORACIÓN DE DIVERSAS ORDENANZAS NON FISCAIS**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 18 de setembro de 2014, á vista das Mocións do Concelleiro do grupo mixto, Antonio Fernández Comesaña:

**A) Dictamina favorablemente a seguinte moción (registro de entrada n.º 12.058):**

El Ayuntamiento de Nigrán ha puesto en marcha en los últimos tiempos diversos servicios y actividades que se prestan a los ciudadanos, sin que hasta la fecha exista ninguna Ordenanza no Fiscal o Reglamento de Funcionamiento, que regule de una manera clara y precisa las actividades desarrolladas y sus funciones. Las más significativas son:

- Servicio de Ayuda a Domicilio.
- Servicio Transporte de personas discapacitadas (Plan Anta). -Centro de Información de la mujer, (C.I.M.). -Centro Antena.
- Serv. Tele-asistencia.
- Serv. Educac. familiar.
- Func. Biblioteca municipal
- Func. Plaza de abastos de A Ramallosa.
- Func. Pabellón y pistas deportivas municipales.

Dado que en su mayoría han superado ampliamente la fase experimental con motivo de su puesta en funcionamiento, y teniendo en cuenta el aumento considerable de usuarios que de forma habitual vienen utilizando tales servicios, resulta aconsejable regular y establecer normas de funcionamiento que redunden en la mejora y eficacia para los ciudadanos, así como

también para el propio Ayuntamiento.

Por todo lo anteriormente expuesto, se propone al Pleno la adopción del siguiente, **ACUERDO**:

**ÚNICO**: Instar al Alcalde-Presidente para que por los servicios técnicos municipales se redacte las correspondientes Ordenanzas no Fiscales o Reglamentos Orgánicos de Funcionamiento, entre otros, de los siguientes servicios:

- Servicio de Ayuda a Domicilio.
- Servicio Transp. personas discapacitadas (Plan Anta). -Centro de Información de la mujer (C.I.M.). -Centro Antena.
- Serv. Tele-asistencia.
- Serv. Educac. Familiar.
- Func. Biblioteca municipal.
- Func. Plaza de abastos de A Ramallosa.
- Func. Pabellón y pistas deportivas municipales.

**B) Declamino desfavorablemente a seguinte moción (registro de entrada n.º 12.057):**

El aspecto de feísmo que presenta gran parte de los espacios urbanos de nuestro municipio, está llevando cada día más a una auténtica anarquía y vamos desgraciadamente como cada vez se ensucia y degrada nuestro entorno, con la proliferación de carteles, folletos, anuncios de todo tipo, colocados tanto en farolas de alumbrado público, mobiliario urbano (marquesinas, papeleras, contenedores señales de tráfico etc), paredes y muros en general, carteles de obras ya realizadas etc, por todos los lugares del término municipal, adquiriendo especial relevancia en el litoral costero, así como en los centros urbanos.

El partido Unión Centrista de Nigrán (UCN), entiende que sería aconsejable una campaña de concienciación ciudadana para cuidar y mantener el ornato y limpieza de los espacios y entornos públicos, a la vez de adquirir una mayor concienciación de respeto al entorno, a su medio natural y urbano

Por todo lo anteriormente expuesto, se propone al Pleno la adopción del siguiente, **ACUERDO**:

**ÚNICO**: Instar a la concejalía de medio ambiente, para que por los técnicos municipales se elabore una Ordenanza general no Fiscal o Reglamento de "seguridad, limpieza, protección de zonas verdes y ornato de espacios públicos, así como de protección medioambiental del municipio de Nigrán", realizando asimismo campañas de concienciación ciudadana.

**Deliberación.- Síntesis das intervencións:**

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto:* Hai dous ditames da Comisión de sentido contradictorio. Pídese que se redacten as necesarias ordenanzas de diversos servizos. A dos espazos públicos e a protección ambiental non se apoiou. Hai aspectos do ornato público que deben mellorarse.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo Mixto:* As mocións son abertas ao que proceda en

cada caso.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Débese ter en conta a competencia municipal e a necesidade dado que existen normas internas nos distintos servizos. Hai unha iniciativa en marcha para regulamentar a venda ambulante e os mercados. Na moción votada desfavorablemente polo PP hai que abrir unha reflexión. Hai aspectos que xa están regulados. Así, o punto limpo xa ten o seu regulamento.

*Sr. Fernández Comesaña:* Trátase de buscar mecanismos que lle cheguen os cidadáns.

*Sr. Alcalde Presidente:* Podería valorarse como alternativa unha ordenanza de convivencia cidadá.

**Votación e acordo.-** Sometido á votación o asunto coa corrección introducida durante a deliberación relativa á denominación da ordenanza á que se refire a moción do apartado B) e previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PP, PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda

**Primeiro.** Instar ao Alcalde-Presidente para que polos servizos técnicos municipais se redacten as correspondentes Ordenanzas non Fiscais ou Regulamentos Orgánicos de Funcionamento, entre outros, dos seguintes servizos:

- Servizo de Axuda a Domicilio.
- Servizo Transp. persoas minusválidas (Plan Anta).
- Centro de Información da muller (C.I.M.).
- Centro Antena.
- Serv. Telo-asistencia.
- Serv. Educac. Familiar.
- Func. Biblioteca municipal.
- Func. Praza de abastos da Ramallosa.
- Func. Pavillón e pistas deportivas municipais

**Segundo.** Instar á concellaría de medioambiente para que, polos técnicos municipais, se elabore unha Ordenanza xeral non Fiscal ou Regulamento de convivencia cidadá.

#### **1.1.- MOCIÓN BNG INSTANDO Á RETIRADA DE SIMBOLOXÍA FRANQUISTA**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 18 de setembro de 2014, previa declaración de urxencia, dictamina desfavorablemente -co voto de calidade da Presidencia- a seguinte moción do grupo municipal do BNG:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Case que coarenta anos despois de rematada a ditadura e case que sete despois da aprobación da Lei da Memoria Histórica que obriga a retirar dos espazos públicos todo símbolo ou mención "conmemorativa de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da ditadura", aínda podemos observar no noso concello símbolos franquistas.

Así, no Templo Votivo do Mar, en Panxón, ben visible, permanece incomprensiblemente unha placa de mármore, carente de calquer simboloxía relixiosa, destinada a lembrar a Jose Antonio Primo de Rivera e aos caídos do bando vencedor.

Deste xeito, nun dos monumentos máis emblemáticos de Nigrán, veciños e visitantes poden ver como se mantén a relación de mortos do bando franquista na guerra civil.

Franco, certamente, pertence á historia, pero non cabe que símbolos que renden recoñecemento social á ditadura permanezan nos espazos públicos do Concello, a non ser que se compartía ese recoñecemento.

Por outra banda, supón unha ofensa e provoca un sufrimento innecesario a moitos familiares de persoas perseguidas e represaliadas durante a guerra e os anos seguintes, constituíndo un agravo inútil para aquelas persoas que non secundaron a ideoloxía da ditadura.

Estes símbolos non teñen sentido nunha democracia polo que cómpre levar a cabo as accións precisas para facilitar a súa retirada tal e como establece a lei, dando deste xeito resposta aos sentimentos democráticos da cidadanía.

Por todo o anteriormente exposto, propomos ao Pleno do Concello para a súa aprobación o seguinte **ACORDO**:

- 1.- Dar cumprimento da Lei de Memoria Histórica no Concello de Nigrán.
- 2.- Que o Goberno Municipal realice as xestións necesarias ante o bispo da diocese de Tul-Vigo, ofrecéndolle a colaboración do Concello se é necesario, coa finalidade de acadar a retirada da simboloxía franquista da fachada do Templo Votivo.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo Mixto:* Le a moción

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista:* Pensa que a memoria histórica pasará por non esquecer. É un erro destruír e borrar. As cousas deben gardarse para que se saiba o que pasou.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto:* Coincide en que a historia non se debe ocultar para non caer nos mesmos erros. A cuestión afecta a unha entidade privada. Hai que telo en conta. Ao mesmo tempo hai símbolos nos bens municipais da época da ditadura. Tal e como se formula, abstérase.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Están conformes co primeiro punto da moción, pero non co segundo.



A propia lei protexe esta situación nos templos. Aprender da historia é necesario. Modificarlan o segundo punto ae invitarían ao bispado a cumprir a lei de memoria histórica.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Leu a moción para que se saiba o que pide. So se referlu a retirar a placa, non a destrulla. Non é un edificio senón un símbolo de exaltación superposto, que seguirá provocando sufrimentos. Refenuse ao Templo Volivo polo significado do lugar, posiblemente o mas visitado de Nigrán. En Vigo retiráronse estes símbolos das igrexas. Non propón que sexa o Concello quen retire a placa, senón que se dirixa ao bispado para que o faça.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Instará a Diocese para que informe sobre o cumprimento no seu patrimonio na lei de memoria histórica en Nigrán, en especial o Templo Volivo de Panxón. Esta sería unha proposta alternativa.

*Sr. Fernández Comesaña:* O cumprimento incumbe á propia Igrexa.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Non ten sentido pedirle que informe. O ofrecertle a colaboración preferida expresar un ton amable e non imperativo. Mantén a redacción.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Tamén está a exposición de motivos, que se podía cambiar. Insta a que se redacte un texto institucional.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Ofrécese para preparar ese texto.

**Votación e acordo sobre a proposta de deixar o asunto sobre a Mesa.** • Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PP, PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda deixar o asunto sobre a Mesa.

## **II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

### **II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 1 de xullo de 2014 e o 31 de agosto de 2014, ambos incluídos.

### **II.2.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2013**

Dende a convocatoria da sesión estivo á disposición dos Sres. Concelleiros a documentación facilitada pola Intervención municipal, que contén a liquidación do orzamento

xeral do ano 2013 e o Decreto do 23 de maio de 2014, de aprobación da mesma, que se transcribe:

**Dependencia:** Intervención.

**Asunto:** Aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2013 .

Vista a liquidación do orzamento do Concello de Nigrán correspondente ao exercicio do ano 2013 elaborada conforme ao establecido no artigo 191 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e nos artigos 69 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Visto o informe do Interventor do Concello de Nigrán á liquidación citada, ref. T 54/14, do día 23 de maio de 2014

De conformidade co establecido no artigo 191.3 do citado Real Decreto 2/2004 do 2 de marzo, esta Alcaldía, **acorda:**

Aprobar a liquidación do orzamento do Concello de Nigrán correspondente ao exercicio de 2013, e dar conta da mesma ao Concello Pleno na primeira sesión que celebre

### **II.3.- DAR CONTA DO INFORME DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN REFERIDO AO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DURANTE O SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2014**

Tendo en conta o sinalado na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros o informe conxunto da Tesourería e Intervención municipais:

- Data de emisión: 22-07-2014
- Epígrafe: Cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do Concello de Nigrán durante o 2.º trimestre do 2014.

### **II.4.- DAR CONTA DA AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBEXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGLA DE GASTO E O DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA NO SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2014**

Dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros o informe da Intervención municipal, que a seguir se identifica:

- Ría: T 101/14
- Data de emisión: 31-07-2014
- Epígrafe: Avaliación do grado de cumprimento polo Concello de Nigrán do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da "regla de gasto" e do nivel de débeda viva no segundo trimestre de 2014.

## II.5.- ROGOS E PREGUNTAS

### 1.- D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista.

1.1.- Teño unha pregunta difícil para o goberno. Creó que xa nos toca tomar algunha decisión sobre o plan xeral, porque a realidade é que estivemos parados, e non temos ningún tipo de comunicación oficial. Non hai comisións de urbanismo, non sabemos nada dunha posible proposta dunha empresa que iba a coller o plan xeral. A resposta do goberno é que todo vai ben, pero creo que compre tomar unha decisión o mais contundente e inmediata posible, porque dende que se dixo que había una empresa que se quería facer cargo hai catro ou cinco meses, estamos nunha situación de parálise nese sentido. E tamén é certo, que hai certas parroquias sempre que teñen un grave problema urbanístico. A pregunta é ¿en que estado estamos no Plan Xeral e como está ese documento? ¿hai algunha posibilidade de que se aprobe; de seguir adiante con el?

Sr. Alcalde-Presidente: Ben eu creo que nunca lle contestei esa liña, de feito, a resposta é moi sinxela. Tal e como se manifestou, e o compromiso segue sendo o mesmo, no momento que teñamos algo xa cerrado en función a da posible cesión, que iso si que se manifestou na última reunión de portavoces na que tivemos este asunto sobre a mesa, na que se abriu a vía por parte da empresa Arnaiz de ceder o contrato a outra empresa, no momento que teñamos iso cerrado, seredes os primeiros en sabelo. A empresa que Arnaiz propón para a cesión do contrato, unha en concreto si remitiu unha documentación, para valorar si tecnicamente a empresa, cumpre os requisitos técnicos que se lle plantexaban naquel momento no prego de contratación. O director do proxecto do Plan Xeral, que é o arquitecto municipal, informou favorablemente o cumprimento de tales requisitos. Outra cousa é que a empresa se manifeste abertamente e sen ningún tipo de contradición, e que acepta estritamente a cesión do contrato e polo tanto as condicións contractuais que se firmaron no seu día coa empresa Arnaiz. Necesitamos que iso o presenten, de momento presentaron esa información técnica mais unhas valoracións do estado do traballo que eles fan a título informativo. O día 17 deste mes presentaron un escrito no que indicaban que coñecían o estado da tramitación, que dalgunha maneira se comprometían a continuar cos traballos, e incluían información sobre cuestións que estaban pendentes de resolver e de posibles exposicións públicas que se deberían facer e o custe de esa exposición pública. Como eso xerou dúbidas tanto no arquitecto e o secretario municipal, eu me puxen en contacto con eles e lles manifestei esta dúbida, expresándolles que tiñan que ser claros, que deberían indicar si aceptaban ou non a cesión. Eu entendo que esta cuestión se resolverá, se non é esta semana, entendo que a semana que ven. O que si teño claro e que si nun período curto non hai unha solución, e dicir se xa non podemos formalizar esa cesión, que espero que polo ben de todos si se poida formalizar garantindo que a empresa vai a cumprir e asume as condicións do contrato, evidentemente haberá que tomar outra decisión, e a única decisión que queda é rescindir o contrato cunha empresa que se contratou no ano 2008, que está en concurso de acredores e que non pode cumprir con ese contrato. Ou cesión do contrato ou rescisión do contrato. Se hai rescisión de contrato, que será un período longo, porque lle vamos a esixir á empresa a garantía que depositaron no seu día, co cal teremos problemas que se alargarán no tempo. E despois haberá que proceder a iniciar un novo concurso ou un novo traballo, ou unha continuación do

traballo pero nos termos que teñan que facerse. Polo tanto a primeira vía que nos queda por resolver é frutificar ou non esa cesión. No momento en que recibamos, se é que a recibimos, contestación desde a empresa asumindo as condicións do contrato se lle dará traslado aos grupos municipais e se traerá ao pleno e se decidirá no pleno se acepta ou non a cesión. E se non hai cesión posible, pois evidentemente haberá que tomar a decisión de rescindir. Cabe engadir que neste caso, un tema complexo como é un Plan Xeral de ordenación municipal, complicouse coa entrada da empresa en concurso de acredores.

*Sr. González Pérez:* Esta é a dificultade que eu vía, non que fose difícil de responder, senón que a resolución non parece extremadamente fácil. Dende o grupo socialista queremos anunciarlle que nós vamos presentar unha moción para que se inicie o proxecto de axuste dos núcleos rurais de Chandebrito a lexislación vixente, que se paralizou desde este mandato.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Onte falei coa asociación de veciños de Chandebrito, para informarlle desta situación, e lle plantexei nestes termos esta cuestión, pero aquí non se paralizou nada, porque nada había contratado, pero ¿é San Pedro, Parada e Camos? Todos estamos preocupados. Porque eu tamén me comprometo a unha cousa, se o plan xeral vai á cesión hai que continuar, se non vai a unha cesión, hai que rescindir e como isto vai para largo, por suposto que hai que proceder ás modificacións puntuais das normas subsidiarias, pero xa. Fállese dos núcleos rurais de Chandebrito, fállese das modificacións puntuais que sexan necesarias, e que dalgunha maneira os técnicos municipais dan o seu visto bo a que se relancen no caso de que a cobertura ou a resolución do problema que resolvería esas modificacións que é o Plan Xeral de ordenación municipal non se poida avanzar. Polo tanto non fai falla que o pleno diga que no caso de que non se poida seguir ca tramitación do plan xeral que se poñan en marcha outros instrumentos, pero non só para Chandebrito, tamén para Parada, Camos, Nigrán, San Pedro... ¿Que pasa con todos? ¿que pasa con Priegue no que se deron casos de demolicións reais, e na parroquia de Nigrán tamén se deu un caso?. Eu creio que dicirle a todos os veciños de Nigrán, que imos deixalo plan e imos resolver o caso de Chandebrito so... Temos que ver o problema de xeito global. E todas as modificacións que beneficien a Chandebrito e ás demais parroquias hai que poñelas en marcha. Eu o que espero é que haxa unha cesión do contrato do Plan Xeral polo que iso representa, que sería unha saída cara adiante, e sería avanzar no tempo.

1.2.- Cando foi o incendio do vertedoreiro dixon que iba a abrir unha investigación, porque había cousas que lle parecían estrañas, quería saber se nesa investigación se descubriu algo.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O que eu dixen naquel momento e que era unha casualidade na que eu non cría, porque coincidía co día da inauguración do punto limpo e non se daban as condicións climatolóxicas para que se producira este incendio. E porque, ademais, os profesionais que alí estaban tanto do GES como dos bombeiros e da Xunta de Galicia, dixeron que había moitísimas probabilidades de que o incendio fose provocado.

1.3.- Na rúa da Mámoa, estanse a facer uns recheos, que parece ser que veñen da depuradora de Vigo. A pregunta é se eses recheos teñen todos os permisos, porque aparentemente esa é a sensación que dan.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Hai unha solicitude por parte da comunidade de montes de Priegue na que hai autorización por parte da Xunta. Agora que de onde ven ese recheo, sinceramente non o sei, e supoño que se estará asumindo as condicións desa autorización, que eu entendo que é así.

*Sr. Gonzalez Pérez:* Pedirla que dende o Concello se lixera un seguimento do asunto, e que se ese recheo é ilegal pois que dende o Concello se paralice.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O primeiro día a policía estivo ali, e nos manifestaron que lle presentaron unha autorización. En principio, parecía cumprir coas condicións da autorización. Pero viviremos o asunto.

1.4.- En marzo se aprobou a valoración e posta en marcha, dun estudo sobre o acoso sexual e laboral por razón de sexo. É saber se se está facendo.

*Dña. María José Pino Fernández, concelleira Delegada:* Si estase facendo.

1.5.- Outra pregunta é, outra vez, se o carballo da praza da Carrasca que quedou fai xa dous plenos de poñerlle algún tipo de protección para que non se estropeara, preguntaba se é posible que se faga.

*D. Alberto García Pazos, concelleiro Delegado:* Dentro da partida que se asignou o acondicionamento da praza da Carrasca quedou un remanente, que corresponde ao asfaltado e se se pode tamén á baixada do tendido eléctrico, cando se faga o asfaltado será o momento de protexer o carballo

2.- *D. Manuel Doidán Costas, do grupo Socialista:*

2.1. Quixera saber cando se vai facer a limpeza xunto ao punto limpo, porque alí hai neveiras, ordenadores, e estes obxectos están pegados ao río.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Comprobarías que as montañas de residuos van diminuindo. Hai cousas que se baleiraron xa, e agora o que estamos é facendo un proceso de contratación para o baleirado deses residuos.

2.2. Unha arqueta no cruce de Nigrán, na altura do semáforo na PO-552, está fatal, porque incluso os coches ao pasar pegan no disco.

2.3.- No anterior pleno fixenlle un rogo sobre a saída do Colexio Humberto Juanes. Pregunto si eso vai para adiante, porque empezou o curso, e canto antes se poida solucionar, sería estupendo. Falo onde está o transformador. Eu creo que é xusta a petición.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Nós compartimos esa petición. Pediuselle ao enxeñeiro da Deputación, que foi quen fixo esta obra no seu día, ou quen a contratou para que, dalgunha maneira lle pida a empresa que termine o traballo e que se poida habilitar ese espazo. Van empezar dentro de pouco as obras da praza de aquí ao lado, e espero que poidamos resolver este problema antes para que nese espazo haxa entrada e saída, que nos viría de marabilla. Espero que a Deputación sexa quen de solucionalo.

2.4. Xa falamos deste toma varias veces, o da segundade na PO-325, pero agora que imos para o inverno con menos visibilidade, hai unha saída na escola PROVAL, perigosa no inverno cando saen de noite. O alcalde de Gondomar ten mais poder na Xunta porque el conseguiu un paso elevado.

*Sr. Alcalde- Presidente:* Por desgracia ali cun paso novo elevado iluminado e fai nada houbo un atropelo

*Sr. Doldán Costas:* Pois vostede dígame se aparte diso non hai nada.

*Sr. Alcalde Presidente:* Están solicitados varios

*Dña M<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorreto, concelleira Delegada:* Dese paso preguntel, e me dixeron que non se pode, porque non é tramo urbano. Os dous que teñen en Gondomar están en zona urbana.

*Sr. Doldán Costas:* Pois haberá que insistir pola seguridade. Igual que na PO-325. Que un enxeñeiro da Xunta diga que non é posible facer certas cousas ...Haberá que volver a insistir porque tal e como está é unha Inxustiza.

*Sr. Alcalde Presidente:* Hai unha medio posible solución que pasa por desprazar o paso de peóns. A Asociación de Veciños o ti, mais eu, solicitámolo xusto onde está a parada do autobús que baixa a Bouzavella, pero aí pola curva que existe inmediatamente despois indo cara Vigo, por cuestións técnicas, parece ser complicado que se faga ali. A única posibilidade é poñelo entre o cruce de Bouzavella e o camiño que baixa ao colexio. Intentar buscar aí un punto que garanta a seguridade. O problema na práctica é que se se instala un paso peonil entre dous puntos non se vai a utilizar ¿que facemos? ¿pedimolo aí?

*Sr. Doldán Costas:* Eses razoamentos deles non os comparto, porque pintaron en plena curva en "Don Pepe", en Vigo. Se fai ali, un carril de aceleración. Creo que os criterios non son os mesmos. É inxusta a contestación que da o enxeñeiro con un risco continuo, porque aí a igrexa esta abaixo, os comercios, o pavillón de deportes. Están pasando tódolos días, pasarán os meses, e comenza o curso escolar. ¿De verdade que haberá que tomar unhas medidas, hay que chegar a esa "violencia", tendo os veciños que cortar a carretera? De verdade que a política ten que estar sometida á presión sempre, que non son capaces de razoar os técnicos; que iso non é xusto. Como quería facer cando foi o semáforo de Patos; que nós dixemos que era unha barbaridade, parece que cos razoamentos, entenderon. Hai temas de seguridade na rotonda da baixada a Panxón, ou na que ven de Nigrán. Creo que iso é unha mala decisión ou unha falta de seguimento dos que pintaron, que será unha contrata, me imaxino. Eu creo que iso está mal. Os accidentes se os hai onde hai pasos elevados, onde non hai nada é un risco constante, porque cruzan as persoas. Desprazouse o transporte publico; as persoas no Seixo teñen que saír por aí para colledo, porque teñen que chegar ao cruce dos Quixotes. Eu creo que é un tema de seguridade e emerxencia, de facelo, porque as decisións creo que se poden facer dende o diálogo e non coa forza.

*Sr. Alcalde-Presidente:* So te equivocas nun pequeno detalle, que a politica funciona

baixo presión, pero non estás falando dun tema político, porque se fose un tema político eu pintábao e adeus, pero neste caso estamos a falar d **unha cuestión técnica. É responsabilidade dun cargo político pedirle a un técnico que informe, e se o técnico di que non hai argumentos técnicos para pintalo ¿que facemos?. A decisión política é "resolver o problema" a cuestión técnica é "fixámo-lo ben ou fixámo-lo mal"**

*Sr. Doidán Costas:* Pero se o técnico fai algo que non é xusto noutra zona, non. Porque non hai argumentos. Cando é tan recto e non o fai en ningunha parte, e moito máis fácil de respectar. Pero cando falla o criterio técnico é que alguén prevaleceu e se vai a cumprir a petición. Eu respecto aos técnicos o que non respecto é o "li si, ti non".

*Sr. Alcalde-Presidente:* Entón haberá que pedirle ao técnico que se manifeste

2.5. Nos servizos dos homes de aquí, na planta baixa da casa Consistorial, hai unha avaría e algún home pode acabar lesionado cun corte. Pido que por favor o arranxen, se poden.

2.6 Na Comisión de fai pouco polo aparcamento de Panxón nós votamos en contra. Houbo uns señores que votaron a favor. **Eu sigo estendo en contra. Eu respecto o que eles votaron, pero sigollé pedindo que faga o que decidiu o pleno, coma no tema do horario dos plenos.**

*Sr. Alcalde-Presidente:* Recórdolle que o Pleno finalmente decidiu que se formalizase unha Comisión, e de esa comisión o resultado que saise, este alcalde o asumiría. A Comisión tomou unha decisión e ka está. **¿Que diferenza hai entre un cambio de sentido e o horario dos plenos? Que a primeira é unha competencia do Alcalde e a segunda é un tema de regulamentación que ten que aprobarse en pleno. Hai unha decisión discrecional e competencial miña, que a podo asumir, e outra que ten que ser asumida, si ou si, polo pleno. Se o pleno di que hai que vir as tres da mañá, se ven porque é unha competencia plenaria. Agora ben, o pleno decidiu que se nomeara unha comisión, para que se estudase o tema de cambiar o sentido de circulación na Rúa do Manheiro. Eu comproméctime a aplicar o que se decidira nesa comisión. Esa comisión se celebrou onte nunha segunda reunión e decidiu manter o sentido da circulación.**

*Sr. Doidán Costas:* A comisión estaba moi ben montada polo Alcalde. Non so a valoración técnica dun funcionario, senón tamén o dereito a voto.

*Sr. Alcalde-Presidente:* A comisión saiu do pleno.

*Sr. Doidán Costas:* Estanse a privatizar servizos mínimos, a certos colectivos de veciños. Digo privatizar a ruta porque nestes momentos se cambia. **¿por que agora non se pon un servizo de transporte público? A circulación por esa rúa non se dá en base ao aparcamento que se fixo.**

*Sr. Alcalde-Presidente:* Porque a Xunta dentro do convenio que ten co transporte público di, nun dos seus criterios, **que o transporte público ten que ir e volver polo mesmo sitio. Inicialmente se lle propuxera que como só era unha rúa de circulación de baixada, que se mantivese ese traxecto. A Xunta e a empresa ATSA dixerón que non; que nas condicións do convenio so se podía deixar á xente onde se recollía, polo tanto**

se cambiaron dúas paradas: a que está no CIM que agora está abaixo, e a que estaba no cruce de Bouzavolla, que está 300 metros mais abaixo no cruce dos Quixotes en Monteferro. Polos datos que manifesta a empresa, o acercamento do servizo público aos cidadáns é evidente, porque hai maior número de usuarios, pero é que posiblemente as rutas veían a sufrir un cambio agora co tema do transporte metropolitano, que espero que se implante pronto. En relación á decisión nosa, que nada ten que ver co transporte público, senón cun cambio de sentido de circulación dunha rúa, segundo datos obxectivos da empresa, mellorou, porque se acercou o servizo público, a máis xente que hoxe en día utiliza tanto en inverno como no verán. Que iso lle xere a algúns maior desprazamento, é certo.

*Sr. Dordán Costas:* E ademais a inseguridade, porque vostede sabe que na Madorra, para cruzar por alí, como está iso é mo. estreito, ten moito tráfico, non hai nin beirarrúas, non está sinalizado do cruce onde se vai a coller o transporte público á parte allá o cruce do Seixo o cruce dos Quixote a PO-325.

*Sr. Alcalde-Presidente:* ¿E no Seixo e na zona allá da estrada da Vía hai beirarrúas para baixar dende alí pra baixo?

*Sr. Dordán Costas:* O tráfico que ten unha e outra estrada é diferente. Eu dígolle ao mesmo responsable de seguridade, o Sargento da Policía Local, que non é xusto porque esa valoración non se fixo. A seguridade, sobrecárgase mais ese vial, e sen embargo non hai seguridade. A valoración da Comisión non é o que viven día a día os veciños, é diferente.

*Sr. Alcalde - Presidente.* Onle o dixer que non todos os veciños teñen o servizo de transporte público, porque este servizo ten que transcorrer por vías de competencia autonómica. Hai moitos barrios do Concello que teñen un acceso complicado ao transporte público. Eu teño claro que cambiar o sentido de circulación da Rúa do Mariñeiro, foi moito mellor da que tiñamos, se mellorou de forma considerable.

2.7. Fágolte un rogo, hai un parque infantil con moito deterioro, na Asociación de veciños de Panxón, pediría que se lle reparen as redes que teñen e pórle algunha peza para o parque infantil

### 3. *Xavier Rodríguez Fernández, do grupo Mixto:*

3.1. Respecto do depósito de lodos en Priegue, non me quedou claro cando lle contestaba a Juan González. ¿ao Concello lle consta que a comunidade de montes ten autorización autonómica para ese depósito de lodos?

*Sr. Alcalde Presidente:* Si, hai unha autorización que se solicitou á Xunta e está autorizado.

3.2 Na estrada pola vía hai unha pequena zona verde, que foi utilizada de base cando a empresa que remodelou a mal chamada "mellora da seguridade viaria". Nesta pequena zona verde había unha escultura que caeu. Está tirada da base ao carón dela. Quixera pedir que a repuxeran ao seu estado orixinal.



*Sr. Alcalde-Presidente:* Se lle deu orden esta semana ao Encargado de Vías e Obras para que o puxera en marcha.

3.3. Nós vamos un pouco mais adiante. Na rúa Torrente Ballester hai un contedor que está situado mesmo encima dunha arqueta. É unha zona que xa se atasca bastantes veces, e se o contedor está situado encima da arqueta, entón o atasco da arqueta xa é seguro. Por tanto, lles pido que modifiquen a situación dese contedor e que se traslade uns metros, pero que deixe de situarse encima da arqueta.

3.4. En relación ao transporte metropolitano, parece que xa houbo un ofrecemento dun convenio por parte da Xunta aos concellos da área. Eu quería preguntarlle se, efectivamente, o Concello de Nigrán tivo xa unha oferta de convenio por parte da Xunta ao respecto. Eu quería que me facilitase unha copia da oferta do convenio, se pode ser

*Sr. Alcalde Presidente:* Si, chegou onte, ou antes de onte

#### 4. D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto:

4.1. Na rúa da Foz, á altura do número 2, existen unhas arbores que están nun plano mais superior, entomo a un metro e pico ou dous metros, que están mesmo ao borde da calle e invaden a estrada e a beiravía. Rogo que se lle requira ao propietario para que os pode. Creo que o número 17 tamén está igual. Rogaría que se faga ese requirimento.

4.2. No último Pleno quedara vostede de dar contestación do que lle preguntaba de port-América do ano 2013 e 2014, se estaba ou non pagada. Non me contestou.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Comprobareino. Sei que as liquidacións están emitidas, e polo tanto pagar van a pagar.

4.3. Outra cousa que tamén quedou pendente de contestar, era dunhas licenzas que se habían anulado por caducidade na parroquia de Camos; licenzas que foron outorgadas en decembro de 2002, en solo rústico. Quedou vostede de darlle contestación.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Vale, se me pasou, pero creo que houbo unha petición expresa por parte do director da obra de renunciar a eses proxectos.

*Sr. Fernández Comesaña:* Houbo varias, unha delas ao final se revocou o expediente e as outras aínda quedaron all. Non sei se obedece a algunha actuación concreta.

*Sr. Alcalde Presidente:* Non. Son iniciativa dos propios directores de obra.

4.4. Recentemente, se realizaron obras de saneamento na Tarela, desde Rúa dos Pazos ata o entronque con Porte do Molle. Vostede en prensa dixo que era unha obra que se facía con brigada municipal. ¿Existe algún proxecto técnico para levar a cabo esta actuación e se financia con fondos municipais ou hai algunha subvención da Xunta ou Deputación?. E tamén se esas obras discorren por fincas particulares. E, de ser así, se dispón de autorización e se ten autorización de Augas de Galicia, porque afectan ao cauce do río.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Si á última pregunta. Todo discorre por dominio público polo que augas de Galicia deu a súa autorización. Todo con operarios municipais excepto a tubaría. Hai unha memoria municipal que fixo a enxeñeira vira unha empresa para limpala.

*Sr. Fernández Comesaña:* ¿Xa esta finalizada a actuación?

*Sr. Alcalde Presidente:* Tivemos un problema coas chuvias destes días. Practicamente está finalizado. Nos queda acondicionar a zona onde se traballou un pouco.

4.5. Existen varios escritos de particulares, advertindo da situación dunha finca na Telleira, onde estaba a antiga barreira, que está chea de maleza, ocasionando un perigo para as vivendas do entorno. Me gustaría saber se está requirida a propiedade.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Entendo que se hai escrito de solicitude, se lle mandaría o requirimento.

4.6. Con respecto a Porto do Molle, ¿recibiu xa o Concello toda a urbanización tanto vias como beizarrúas? E, de ser así, os gastos de alumado e demais. A sinalización horizontal e beirerrúas está en mol mal estado. ¿Teñen previsto algunha actuación, en esa zona?. Concretamente lle digo na calle Padróns, hai un tramo que calquera que pase por aí pode ocasionarse unha caída

4.7. Existe un problema en Panxón no camiño do Lavadoiro que as augas da chuva provocaron inundacións nunha finca particular

*Sr. Alcalde-Presidente:* Estamos niso. Hai varios sitios que teñen problemas pluviais neste sentido. É un problema bastante gordo; un mais destes casos que afecta a alguén concreto. Pasa aí, en Prlegue en Mestra Emérita, en Vilaríño. Por sorte Nigrán medra, pero a infraestrutura que temos por debaixo é reducida e non dá abasto

4.8. No pasado mes de agosto vostede adoptou unha resolución pola que impón unha sanción de 644 euros á empresa adjudicatara da praza da Carrasca, por subcontratar obras estando expresamente prohibido no prego de condicións. Isto confirma a veracidade que se dicía desde un grupo da Oposición, creo que o Partido Socialista, que se podían estar subcontratando traballos naquela actuación a pesar de que vostede o negaba. Ao mesmo tempo o contratista presenta unha renuncia pactada ao contrato, do cal faltan por finalizar mais de 25.000 euros da actuación. Eu pregunto que vai a pasar co resto da actuación, ¿xa se descarta ou está previsto que outra empresa continúe cos obras?

*D. Alberto García Pazos, concelleiro Delegado:* Eu creo que se non me falta a memoria, no seu momento se contestou. Era que estábamos en contacto, tanto o departamento de intervención o asesor xurídico mais eu, coa enxeñeira, que en canto esas actuacións se confirmaran procederíamos ao que marca a Lei de contratos. E así o fixemos. Se se puxo unha sanción e rescindimos o contrato de mutuo acordo. Os 24.000 euros son para o que antes preguntaba Juan González. Entendo que nos pode dar para asaltar e incluso para baixar o tendido eléctrico. Se val a continuar a obra co que tiñamos destinado nun pleno.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Eu no seu día, creó que non me falla a memoria, dixeron que non tiña coñecemento de que se producira unha subcontratación. Entendía a boa fe da empresa. Non tiña ningún tipo de indicio de que houbera unha subcontratación. Se hai probas suficientes e datos evidentes que leven a crer que hai unha subcontratación, porase o mecanismo en marcha para sancionar. Iniciouse o expediente, a empresa recoñeceu a situación e se sancionou.

4.9. O expediente de modificación nº 17 contempla unha partida de 13.981 euros por incautación dun aval en Area Alta, me gustaría saber se podería ser máis explícito en cuanto a ubicación das obras.

*Sr. Alcalde-Presidente:* É na parte media, na zona xunto o ambulatorio. Se non me equivoco xa se contratou a obra e está a punto de finalizar, se non finalizou.

*Sr. Fernández Comesaña:* ¿Frente a pista de "skate"?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non, esa é outro procedemento aborto. É máis arriba. Hai dous expedientes moi parecidos de incautación do aval, pola non urbanización.

\*\*\*

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

